



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 18 - AGOSTO - 2006

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@mundo-r.com

Páxina web: www.ovica.org

AXUDAS DA XUNTA DE GALIZA.

Para paliar os danos producidos polos xabarís.

No DOGA do 8/08/2006 aparece publicada a orde de 1/08/2006 que establece as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polos xabarís, e se convocan para o ano 2006.



En caso de sufrir danos:

- Comunicarase nun prazo máximo de 7 días chamando ó tfno. 900 186 186.
- En caso de ter denunciado ataques, deberase comunicar a intención de facer a colleita (corta da herba, millo, trigo, etc. ...) cun mínimo de 15 de antelación para que se comprobe o nivel final de danos.
- As solicitudes de axuda formalizaranse cando ó comunicar o anuncio da colleita mediante instancia dirixida ao conselleiro de Medio Ambiente e D. S..
- Os importes das axudas terán un importe mínimo de 120 € e un importe máximo máximo de 1.200 €, segundo o cultivo o importe será o seguinte:
 - Millo gran 0,13 €/m²
 - Millo forraxeiro 0,12 €/m²
 - Trigo 0,10 €/m²
 - Centeo 0,10 €/m²
 - Pradeira 0,10 €/m²
 - Hortalizas 1 (cenoria, repolo e nabo) 0,60 €/m²
 - Hortalizas 2 (coliflor, tomate, berenxena, cabaciña, cebola, feixón, leituga, pemento e porro) 1,60 €/m²

Para máis información contacta con OVICA.

MASTÍNS.

Convenio OVICA - Consellería de Medio Ambiente.

OVICA e a Consellería de M. Ambiente e D.S. asinarán, en breve, un convenio para a cesión de cans mastíns que sirvan para previr os ataques do lobo.



Se estás interesada/o en conseguir un destes cachorros de mastín contacta con OVICA.

RAPA.

Campaña de outono.

Todo aquel que este interesado en rapar as ovelas no mes de setembro pode poñerse en contacto con OVICA - Local de Lugo.



Amamantadora para anos nunha explotación de leite. Raza Assaf.

J. Antonio Pena Fernández. Toxa - Silleda - (Pontevedra).

RAZAS: Pirenaica.



Orixo: Rexións Pirenaicas.

Prolificidade: Próxima ó 200 %

Características: Animais de gran rusticidade. Foi raza de dobre aptitude (carne - leite), hoxe en día adicanse á produción de cabritos para o Nadal. Pastorean en liberdade todo o ano e recóllense no outono para atender a parideira.

Asociación Aragonesa de Criadores de Caprino de Raza Pirenaica - 974697090.



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA – VENTA

- Búscase traballador ou familia para atender explotación de ovino-cabrún en monte veciñal en man común con cercados e instalacións. 670 745 503 – 982 28 41 11.
- Véndense 20 ovellas en Navia de Suarna - Lugo. 982 15 11 59
- Véndense cachorros de mastín. 696 59 80 34.
- Véndense 6 ovellas en Caldas de Reis – Pontevedra. 986 55 92 43.
- Véndense cachorros cans pastores raza Border Collie. 609 864 738.
- Véndese forraxe a bo prezo: Guísante e Veza – Avea. 609 150 319.

FORMACIÓN.

Curso na escola silvo-pastoril de Allariz.

Ovica está a impartir xunto coa escola silvo-pastoril de Allariz un curso de gandeiro de ovino – cabrún. Este curso desenrolarase dende Agosto a Decembro e ten por obxectivo formar a 15 mozos entre 18 e 23 anos.



Curso de aptitude empresarial agraria.

A Escola Silvo-Pastoril de Allariz impartirá un curso de 250 horas, homologado pola Xunta de Galiza, para obter o título de aptitude empresarial agraria. Este curso irá principalmente dirixido a gandeiros/as de ovino-cabrún.

AXUDAS DA XUNTA DE GALIZA.

Métodos de prevención de ataque de lobo.

No DOGA do 11 de agosto saíu publicada a orde pola que se establecen as axudas para a prevención de ataques de lobo ao gando.

Beneficiarios: Propietarios de gando saneado de ovino e cabrún (máis de 30 cabezas), vacún e equino (máis de 10 cabezas).

Liñas de axuda:

1. **Adquisición de Mastíns:** Máximo 1 can por cada 100 cabezas de gando (ovino-cabrún) e 2 por explotacións. Importe da axuda 120 € / mastín.
2. **Valados e pastores eléctricos:** Máximo 100 € por valado podendo concederse varias axudas por explotación.
3. **Emprego de curros:** Destinadas a explotacións extensivas ou semiextensivas nas que o gando pase a noite no campo, compatibles coas axudas para adquisición de mastíns. Máximo 60 € por explotación.
4. **Detonadores de propano:** Máximo un detonador por cada 10 has. Ata un máximo de 3 detonadores por explotación, o importe máximo será de 150 € por detonador.

Estas axudas levan consigo unha serie de compromisos por parte do gandeiro/a.

Documentación a presentar:

- Solicitud e ficha de para a transferencia bancaria.
- Copia do NIF/CIF do propietario do gando.
- Copia das follas do libro de explotación gandeira.

Prazo de presentación: Ata 11 de setembro de 2006.

PARA MÁIS INFORMACIÓN CHAMA A OVICA

ACTIVIDADES.

Día de Campo no C.I.A.M.

A Consellería do Medio Rural recupera este ano a celebración do "día de campo" no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo. Esta celebración terá lugar o **martes de 3 de outubro** e consistirá nunha xornada de portas abertas. Haberá actividades con visitas guiadas ó C.I.A.M.

Haberá autobuses organizados polas oficinas agrarias comarcais, as persoas interesadas poderán apuntarse **antes do 13 de setembro**.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



DIA DE CAMPO

CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO
3 DE OUTUBRO DE 2006

Temas

Tecnoloxía de produtos lácteos e calidade da carne
Parasitoxía animal
Producción de carne, leite e gando ovino
Dixestibilidade das forraxes e millo forraxeiro
Producción de cultivos e pradeiras
Fertilidade do chan
Viticultura e enoloxía




Inscripcións antes do 18 de setembro de 2006

E-mail: jose.antonio.castro.hermida@xunta.es

Tif: 981-647902

Fax: 981-673656

Lugar: Mabegondo-Abegondo, Estrada C-542
Betanzos-Mesón do Vento, Km. 7,5



INCENDIOS FORESTAIS

Colaboración coa Consellería do Medio Rural.

Ante a devastadora campaña de incendios que estamos a sufrir a Consellería do Medio Rural pide, a través das organizacións agrarias, a vosa colaboración:

- Colaborar cos medios de extinción
- Ter as cisternas cheas de auga.
- Vixiar e denunciar (**tfno: 085**).